

ATRANCOS E EXPECTATIVAS PARA A PESCA DE BAIXURA E O MARISQUEO

Belén Rodríguez

O pasado 10 de outubro na Illa de A Toxa, no marco do X Foro de Recursos Mariños e Acuicultura, organizado pola Uiversidade de Santiago de Compostela. Neste Foro, o investigador Alberte de Coo, do Centro de Investigacións Mariñas de Vilaxoán, e Carlos Gabín, do Servizo de Produción Pesqueira da Consellaría de Pesca, fixeron un repaso dos últimos dez anos do marisqueo e da pesca de baixura en Galiza. Ambos os dous sectores seguiron traxectorias moi semellantes.

Nos últimos dez anos de marisqueo en Galiza, moitos foron os atrancos que tivo que superar o sector. Os modelos de xestión da propia actividade sufriron varias modificacións, agravouse a insustentabilidade das rías e do litoral, a contaminación e o deterioro do ecosistema mariño baixo a permisividade dos gobernos cara as industrias, os recheos, os portos deportivos, etc. Houbo limitacións estruturais como a falta de semente ou a falta de estrutura empresarial no sector. Existiron factores ambientais adversos que influíron negativamente nas producións (riadas, incendios que verteron as cinzas no mar, etc.) e outros que agora se temen, como o Cambio Climático. E, por último, foise perfilando a lexislación para regular o marisqueo.

Tras todo este camiño, agora os retos de cara ao futuro pretenden ser tres: os obxectivos socioeconómicos, a

"Existiron factores ambientais adversos que influíron negativamente nas producións (riadas, incendios que verteron as cinzas no mar, etc.) e outros que agora se temen, como o Cambio Climático"

estruturación empresarial do sector e a elaboración dun Plano Estratéxico que permita un modelo de desenvolvemento sostíbel. Ou isto é o que di Alberte de Coo, quen asegura que aínda a día de hoxe o modelo galego do marisqueo debe subsanar moitas feridas e apostar por un sistema produtivo e un modelo de desenvolvemento máis eficiente.

A principios dos anos 90, os proxectos da Xunta en materia de marisqueo pasaban por reducir os postos de traballo (de 10.000 mariscadores a menos de 5.000) e, polo tanto, tamén as embarcacións (descenderon nun 60%). Apostábase polo estancamento produtivo e a centralización da xestión do sector na consellaría institutriz, fronte a estruturación empresarial. Foron malos tempos que se intentaron superar a comezos do ano 2000 con novas fórmulas de xestión, cara a privatización do sector e o cooperativismo. Pero, aínda que o planeamento tiña unha proxección intencional de dez anos, a catástrofe ambiental do *Prestige* freou estas expectativas. Alberte de Coo sinala

que, partir do 2003, as capturas foron en crecemento lento, pero continuado, e define o momento actual como un punto de inflexión, onde as miras do goberno bipartito son diferentes para coa actividade marisqueira. Alomenos, aparentemente, semella que a dirección a seguir está na liberación do mercado e na potenciación do crecemento produtivo.

Na pesca de baixura, os modelos de desenvolvemento dos últimos dez anos foron semellantes aos do marisqueo. No último quinquenio dos anos 90, as axudas comunitarias para renovar a flota de baixura atisbaban un repunte na actividade; pero as embarcacións galegas non se adecuaban ás exixencias europeas en canto ás dimensións da flota, e o sector acumulaba irregularidades documentais e de rexistro, de renovación de permisos de explotación, etc. Foi entón cando se comezou a falar de risco e seguridade dos buques e da reestruturación das confrarías.

En tempos máis recentes (2000-2006), segundo Carlos Gabín, téñense feito cambios relevantes para a pesca de baixura, comezando pola mellora das embarcacións (adequación da potencia dos motores) e a súa regulación, o desenvolvemento de planos experimentais de pesca, a posta en marcha de paradas biolóxicas para especies fóra de límites biolóxicos, a realización das primeiras puxas á baixa en lonxas, actividades de "pescaturismo" e a creación de marcas de calidade, nomeadamente, "Pesca de Rías". Aínda así, recoñece o voceiro da consellaría de Pesca que quedan por resolver problemas fundamentais no sector como o control e mantemento de prezos e os incrementos progresivos dos custos correntes da actividade pesqueira, sobre todo, pola alza do pretróleo.

